

BIBLIOTECA DO IES A
CACHADA **PLAN ANUAL**
DE LECTURA e PLAN
DE BIBLIOTECA CURSO
2023/24



ÍNDICE

1.

Fundamentación.....

.....2 2.

Obxectivos.....

.....2 3. Xestión, organización e recursos

humanos.....6 4. Liñas de actuación

prioritarias.....7 5. Espazos e

tempos para a lectura.....8 6.

Actividades e programación

cultural.....9

7. Formación de

usuarios.....10 8.

Itinerarios

lectores.....11 9.

Implicación coas familias e colaboración con outras bibliotecas da contorna.....12

10. Seguimento e

avaliación.....12 1

1. Fundamentación

O PLAN ANUAL DE LECTURA é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro e a continuación do compromiso co PLAMBE (o noso centro foi incorporado o curso 2020/21). Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro e que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde

todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da biblioteca escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos departamentos didácticos así como a outros órganos da nosa contorna (biblioteca pública, asociacións, librarías...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

2. Obxectivos

- a) Manter a figura da biblioteca como un dos órganos vitais do centro.. **b)** Cubrir a **atención da biblioteca** no maior número posible de horas. Para iso aproveitaranse todas as marxes horarias do Equipo de Biblioteca e unha vez máis apelaremos ao noso voluntarismo de tardes e recreos para poder facer unha labor digna e imprescindible.
- c) Lograr que as **gardas de biblioteca durante os recreos** sexan cubertas na súa totalidade por membros do Equipo de Biblioteca.
- d) **Implicar a toda a comunidade educativa** no Proxecto (resto de profesores/as do claustro, persoal non docente, alumnado, clubs de lectura, EDL, ANPA; pais e nais, Biblioteca Municipal, Concello.)
- e) Ampliar **o mobiliario (postos de lectura, recunchos) e renovar a** sección de novidades e libros destacados.
- f) Integrar a **cultura dixital e escrita**. A biblioteca conta con sete tablets (número que trataremos de ampliar) para usar dende calquera materia no espazo da biblioteca para fomentar experiencias de aprendizaxe diferentes que xoguen coa dualidade dos recursos escritos e dixitais.

Ademais, este curso incorporaremos e difundiremos a plataforma E-LBE.2 de préstamos dixital e fomentaremos o seu uso a través dun libro electrónico de préstamos. O obxectivo é que se familiaricen con outros soportes de lectura e que poidan explorar as vantaxes da era dixital sen renunciar á lectura, ademais de satisfacer demandas puntuais de libros específicos.

- g) Continuar a **renovación e actualización de fondos**, prestando atención ás seccións que máis o precisan, pero tamén atendendo as peticións e suxestións, tanto dos departamentos, como do alumnado.
- h) Manter actualizado o espazo destinado ás **novidades ou libros destacados** para que sexa máis atractivo, visual, dinámico.
- i) **Estender a biblioteca a cada recuncho do centro**. Fomentar a creación de bibliotecas de aula nas propias aulas materias dotándoas con fondos en función do interese do profesorado.
- j) **Continuar co club de lectura** e e coas actividades conxuntas cos outros clubs da comarca.
- k) Continuar formando parte de **“Bibliotecas solidarias”** co grupo de voluntarios e voluntarias.
- l) **Colaborar coa Biblioteca Municipal e os centros do concello**.. O curso 2020/21 creouse un grupo de traballo, onde estamos presentes todas as bibliotecas de Boiro, para establecer liñas de actuacións comúns, coordinar actividades conxuntas e compartir experiencias, recursos e fondos.
- m) En colaboración cos departamentos de linguas, **seleccionar libros de lectura obrigatoria** que sexan adecuados para varios departamentos, fomentando o traballo interdisciplinar e ter suficiente número de

exemplares. Estes libros manteríanse para cada curso un mínimo de dous anos (itinerarios lectores).

n) Elaborar **unha Guía de Navegación** para saber buscar e seleccionar información veraz na rede, recomendando páxinas web ou repositorios online e difundila por todos os grupos, colaborando coa multialfabetización do alumnado.

o) **Club de escritura.** Fomentar a creación dun club de escritura. p)

Lectura e familias. Pretendemos poder formar parte deste programa para poder integrar de forma activa ás familias.

q) **Continuar e estender a formación de usuarios.** Este aspecto será comentado posteriormente.

r) **Decoración.** Continuar co proxecto de decoración da biblioteca para darlle unha entidade e personalidade propia..

s) **Dinamizar a biblioteca ao longo de todo o ano.** Para isto crearemos unha programación cultural que inclúan as actividades que xa son tradición e outras novas para que o alumnado acuda de forma asidua á biblioteca durante os recreos (obradoiros de escritura creativa, obradoiros de debuxo, poemas musicados, monólogos, papiroflexia...) e para atraer as familias organizaremos obradoiros e charlas en colaboración co Espazo Familias, ademais do club de lectura.

t) **Crear unha sección de lectura fácil.**

u) **Radio Patela.** Crear unha equipa de radio vinculada á biblioteca para empregar a megafonía do centro durante o recreo e facer pequenas intervencións (recomendacións de libros, previsión metereolóxica, recordatorios importantes...).

v) **“Recreos xoguetóns”.** Ofrecer unha **alternativa de ocio** ao alumnado

nos recreos ofrecendo un **“cariño lúdico”** onde hai distintos tipos de xogos (moitos deles xa dispersos polo centro en departamentos e aulas). Ademais, unha vez ao mes, expoñeranse unha serie de **retos** vinculados con temáticas diversas como adiviñas, sopas de letras, atopar as sete diferenzas... O alumnado que acerte recibirá un premio (un vale por unha merenda da cafetería, por exemplo). As solucións e premios entregaranse na biblioteca.

- w) **“Recunchos creativos”**. Crear un espazo dedicado á creación artística debaixo das escaleiras que soben ó primeiro andar dotándoo de material específico (pizarras, xiz, blocks de debuxo...) como alternativa de ocio durante os recreos e como lugar de integración e inclusión que favoreza a convivencia no centro de ensino.
- x) **“Recreos sociais”**. Continuar ofrecendo a biblioteca coma un espazo seguro e de fomento da integración e sociabilización entre o noso alumnado máis vulnerable en colaboración co Departamento de Orientación.
- y) **Mellorar a difusión das actividades e fondos da biblioteca**. Actualmente contamos cunha conta **Instagram** exclusiva da biblioteca (@bibliocachada), xa que é a rede social que máis usa o noso alumnado, e queremos darlle un papel máis activo coa creación dunha sección periódica de recomendacións de libros xestionada polo voluntariado da biblioteca.
- z) Continuar coa **“Hora de Ler”**, o fomento da **práctica lectora é crucial na consecución da excelencia educativa. Promoverase unha dinámica de traballo na que o alumnado se implique na lectura de forma activa, con afecto e vontade.**
- aa) **Transmitir o amor á lectura como fonte de pracer e de diversión, de**

activación e de emoción, e ver nos **libros** un lugar onde poder toparse coa imaxinación, a relaxación, o autodescubrimento e o coñemento.

5

3. Xestión, organización e recursos humanos

A Biblioteca Escolar estará atendida e xestionada a través do Equipo de Biblioteca e alumnado pertencente ao club de lectura e ao equipo de voluntarios e voluntarias. Un membro do Equipo de Biblioteca fará as labores de coordinación xeral e o resto de compoñentes asumirán as distintas tarefas de forma equilibrada e planificada en función dos intereses e posibilidades a comezos do curso entre as que destacamos: catalogación de fondos; supervisión do proxecto lector; supervisión da “Hora de Ler”; realización de gardas de recreo na biblioteca para facer a función de préstamo, renovación e devolución; elaboración e supervisión dos “recreos xoguetóns”, elaboración da “Guía de Navegación”; organización e seguimento do club de lectura do alumnado; organización da decoración da biblioteca; organización de obradoiros de escritura creativa; organización das sesións de monólogos; organización e renovación da sección de novidades ou libros destacados; control das seccións creadas fóra do espazo da biblioteca; coordinar a adquisición de novos fondos, organizar charlas, coloquios ou obradoiros dende a biblioteca; colaboración e dinamización dos distintos programas e proxectos que se levan a cabo no centro; xestión da rede social da biblioteca e a celebración de actividades relacionados coas conmemoracións do calendario escolar; coordinación do equipo de radio... E outras funcións e actividades que de seguro xurdirán.

O traballo do Equipo, este curso, non se poderá organizar en torno a unha **reunión semanal** xa que non dispoñemos desa hora fixada previamente nos horarios. Pola contra, empregaremos recreos e ocios libres para poder

organizar o traballo e cumprir cos obxectivos propostos. Para o desenvolvemento do traballo consideramos fundamental a comunicación polo que empregamos un **grupo de whatsapp** e unha **unidade compartida en Drive** que favorece o traballo colaborativo de xeito cómodo e rápido. Levaremos a cabo un sistema de organización e control baseado na creación

dun **libro oficial de actas** onde quede reflexado o traballo do equipo nas súas horas de dedicación.

6

4. Liñas de actuación prioritarias

Precisamente, para o vindeiro curso, consideramos prioritario continuar cambiando a aparencia física e a percepción estética da biblioteca tradicional para achegala a ese “laboratorio creativo de aprendizaxes”, así como ampliar a oferta de actividades e alternativas inclusivas para todo o alumnado:

- O espazo da biblioteca é moi pequeno e non permite a creación de máis espazos diferenciados pero queremos seguir traballando nesta liña creando “**recunchos creativos**”. O primeiro deles sería baixo as escaleiras que soben á primeira planta no que constaría a reutilización de taboeiros que están no almacén, dotándoos de xiz de cores ou rotuladores e proporcionar o material necesario para que o alumnado poida dar renda solta á súa creatividade. Tamén nos gustaría poñer blocks grandes de papel continuo e expoñer as creacións que poidan xurdir. Ademais de fomentar a creatividade, queremos darlle un espazo físico que visibilice este alumnado nun espazo concreto do centro e que eleve a súa autoestima e sirva de elemento socializador que axude a crear as microrredes sociais que sustenten un ambiente seguro e inclusivo de convivencia escolar.

- **Renovar a zona de exposición** de novidades mediante un taboleiro que sirva tanto para expoñer libros como traballos, igual que o da biblioteca do IES Sofía Casanova, que é biblioteca LIA.
- Poñer en funcionamento unha **radio escolar** que comezará por dinamizar os recreos co sistema de megafonía do centro mediante pequenas seccións periódicas (recomendamos o libro da semana, previsión metereolóxica) ata

7

ampliar ao formato podcast e crear un programa de radio no que colaborasen diferentes departamentos didácticos.

5. Espazos e tempos para a lectura

Os principais espazos destinados á lectura son **a Biblioteca**, o **Recuncho Lector** (espazo de lectura informal situado no corredor que dá acceso á biblioteca), o **Xardín da Biblioteca** (espazo exterior axardinado e acondicionado), as bibliotecas de aula: todas as aulas materia contan cunha **Biblioteca de Aula**, xestionada polo profesorado responsable de dita aula, e que poden estar formadas por libros da biblioteca do centro, dos departamentos didácticos ou doazóns temporais ou definitivas de profesorado e/ou alumnado.

Clubs de lectura. Formaranse ao comezo do curso dando continuidade a esta actividade xa asentada.

A principal actividade destinada a fomentar a lectura será **a Hora de Ler**. Todo o alumnado da ESO participará desta iniciativa. Un día á semana durante unha clase, o alumnado dedicarase á lectura en silencio empregando libros da Biblioteca de Aula, ou outros libros das súas casas. O profesorado tamén

deberá empregar esa clase para ler, e deberá implicarse na iniciativa servindo de exemplo motivador ao alumnado. Baixo ningún concepto o alumnado deberá aproveitar para realizar outros traballos ou estudar. Trátase de fomentar a lectura por pracer, sen esixir traballos nin ningún tipo de actividade relacionada coas súas libres lecturas (pode ser banda deseñada, novela gráfica, poesía, monólogos, novela, o único que importa é ler!).

A organización da Hora de Ler basearase nun horario establecido. Empezarase o luns 18 de setembro, a primeira hora; para a seguinte semana, a hora de ler será á segunda hora do luns; para a seguinte, á terceira hora do luns e así sucesivamente. Este calendario será elaborado a comezos do vindeiro curso e difundido polo centro. Son 32

horas de pura lectura que nutre ao noso alumnado e sementa neles algo moi difícil de conseguir, o hábito lector.

6. Actividades e programación cultural

A biblioteca debe participar de maneira activa na programación cultural do centro, tanto promovendo e organizando, como colaborando cos outros organismos como o EDL, Extraescolares, Orientación, Club de Ciencia e o resto de departamentos didácticos. Isto implica que se apostará por unha metodoloxía baseada en proxectos interdisciplinares, de tal maneira que a biblioteca e a lectura se integren nos distintos procesos educativos. Un excelente marco e contexto para o desenvolvemento de actividades culturais, interdisciplinares e inclusivas da biblioteca, é considerar as distintas efemérides e festividades locais, nacionais e internacionais que se desenvolven ao longo do ano, e, en especial, as sinaladas na orde anual pola que se aproba o calendario escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos na

Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, de todas as recoñecidas, a biblioteca centrarase no desenvolvemento de proxectos e actividades en colaboración con diferentes departamentos didácticos en torno ás seguintes conmemoracións:

1º Trimestre:

- Días das Mulleres Escritoras, 19 de outubro.
- Día das Bibliotecas, 24 de outubro.
- Samaín (finais de outubro).
- Día Internacional contra a violencia de xénero, 25 de novembro. - Nadal (decembro)

2º Trimestre

- Día da Ilustración, 30 de xaneiro.
- Día de Rosalía de Castro, 23 de febreiro.
- Día da Muller, 8 de marzo.
- Semana da prensa, marzo.
- Día Internacional da Poesía, 21 de marzo.

9

3º Trimestre

- Semana do Libro, 23 de abril.
- Semana das Letras Galegas, 17 de maio.
- Día Mundial do Medioambiente, 5 de xuño.

Programando a partir destes centros de interese o que pretendemos é ligar o eido cultural, educativo e pedagóxico arredor dun **proxecto interdisciplinar** de curso, que incorpore novas metodoloxías educativas e traballe as competencias básicas, fusionando a biblioteca, departamentos didácticos e demais órganos do centro nunha dinámica de traballo que queremos fomentar.

No **grupo de traballo das bibliotecas de Boiro**, imos a tratar de traballar baixo temáticas comúns durante todo o curso polo que é esperable que incorporem proxectos e actividades relacionadas con el.

Ademais, continuaremos colaborando co **Centro de Día de Boiro** e coa **Asociación Amicos**, coa que esperamos poder retomar o proxecto comezado o curso pasado chamado “**O pensadoiro**” que foi tan fructífero.

Todas estas actividades e proxectos concretaranse de forma específica no plan de traballo trimestral quedando aberto a incorporar novas propostas, en función das posibilidades que xurdan (quedando rexistradas na pertinente memoria), e poderán realizarse en colaboración cos distintos departamentos e órganos do centro, tendo nelas un peso especial o corpo de voluntarios e voluntarias da biblioteca.

7. Formación de usuarios

Todo o alumnado de 1º ESO, como se leva facendo nos últimos cursos, acudirá a través das horas de titoría á biblioteca para presentarlle o espazo fisicamente, explicarlle

10
como funciona, o sistema de catalogación para buscar materiais, a consulta de fondos a través dos equipos informáticos, e por suposto, falarlle das numerosas actividades que se promoven. Esta formación será asumida polos membros do Equipo de Biblioteca, que deberán preparar unha ficha onde o alumnado deba atopar distintos volumes, onde saiba buscar a través do autor/a, do título, da CDU... Este primeiro achegamento é fundamental, o alumnado debe entender nesta sesión a forma de etiquetado e coñecer todas as actividades que xestiona a biblioteca e o xeito de incorporarse e participar das mesmas.

O equipo de alumnado voluntario de biblioteca recibirá formación a cargo dun

membro do Equipo de Biblioteca durante os recreos para aprender do traballo de catalogación e xestión de fondos.

Os membros do Equipo de Biblioteca deberán fixar unhas sesións para a formación de usuarios entre o resto de profesorado, para que este poida coñecer e empregar de xeito máis produtivo a mesma.

Tamén neste primeiro trimestre se tratará de levar ao alumnado 1º da ESO á Biblioteca Municipal para realizar unha actividade de formación de usuarios. Deste xeito, ao comezo de curso o alumnado familiarízase coas bibliotecas e os xeitos de buscar información.

Avanzado o curso, o alumnado do equipo de voluntarios, poderá elaborar un obradoiro de formación de usuarios cara os seus compañeiros/as. Os membros terán responsabilidade e autonomía, sempre axudados polo Equipo de Biblioteca, para elaborar actividades que incidan no coñecemento e goce da mesma.

8. Itinerarios lectores

Contamos cunha guía de libros recomendados dende as distintas áreas que engloban os departamentos didácticos e que esperamos poder seguir aumentando e difundindo

11

entre o alumnado

<https://view.genial.ly/62094abbd3ec2f0019666642/dossier-dossier-revista>.

9. Implicación coas familias e colaboración con outras bibliotecas da contorna Continuaremos formando parte do grupo de traballo das bibliotecas de Boiro, coordinado pola Biblioteca Municipal, para organizar actividades

conxuntas, compartir recursos e experiencias.

Ademais, como novidade, este curso queremos entrar a forma parte do programa “**Lectura e familias**” para integrar de forma activa ás familias nas actividades da biblioteca e enriquecer a oferta cultural do centro dirixida á comunidade educativa en xeral, non só ao noso alumnado. Queremos traballar de forma estreita coa Orientación Educativa do centro e ofrecerlle ás familias lecturas formativas así como obradoiros de interese sobre os temas que máis lles preocupan como xa se ven facendo a través do “Espazo familias”. Ademais, tamén nos gustaría traballar a lectura por pracer en galego e achegar a posibilidade de funcionar de forma puntual como un club de lectura e realizar algún encontro co club de lectura do alumnado, lendo a mesma obra ou traballando a mesma autoría.

10. Seguimento e avaliación

Os principais criterios á hora de avaliar este Proxecto serán o cumprimento dos obxectivos marcados. Estes, serán adaptados e redefinidos ao comezo de cada trimestre e avaliados ao final dos mesmos mediante unha táboa con indicadores de logro (acadado, parcialmente acadado, en consecución, non acadado) e un espazo para recoller as apreciacións pertinentes ao lado de cada obxectivo. Deberemos facer unha análise e observación dos avances ao longo do curso, unha avaliación continua a través do emprego que da biblioteca no seu conxunto faga a comunidade escolar. A

12

memoria de fin de curso será o documento que recolla todas as valoracións pertinentes ao Plan de Lectura.

